


# Algúnhas árbores curiosas do entorno da Xunqueira do Covo

Amancio Castro



Non vos preocupedes que non vos vou falar dos eucaliptos que foron indultados da motoserra grazas a quedar inmersos na obra de dous escultores, a de Fernando Casas nomeada “Os 36 Xustos”, formada por unha chea de bloques de granito negro de Campo Lameiro que semellan troncos de árbores cortadas ou fósiles, situados entre os eucaliptos, e a obra de Ian Hamilton nomeada “Petrarca”, 3 medallóns feitos de lousa verde,

espetados en cadanseu eucalipto que teñen inscritos á man a palabra “Petrarca”, que é o título da obra, e uns números romanos que corresponden a tres sonetos de amor que o poeta lle dedicara á súa amada Laura.

As árbores en cuestión son: o cultivar ‘Elegans’ da *Cryptomeria japonica* (L.f.) D.Don, un *Quercus robur* L. ‘Fastigiata’ e un híbrido *Malus x purpurea* (Barbier) Rhd. cultivar ‘Lemoinei’.

A primeira das árbores, a *Cryptomeria japonica* (L.f.) D.Don cultivar ‘Elegans’, é unha parella que plantaron no que foi a entrada da trasladada fábrica de Tafisa. Tiveron a sorte de permanecer no seu lugar sen sufrir ningún “dano colateral”, sobre todo porque a madeira ten un certo prezo no mercado. O xénero (*Cryptomeria*) deriva do grego *kriptós*, escondido, e *meros*, parte, debido a que as estruturas florais non se



distinguen facilmente; o epíteto específico refírese ao seu lugar de procedencia. O cultivar ‘Elegans’ chamouse así polo seu suposto porte elegante.

A especie é nativa do Xapón e da China Sudoriental.

O cultivar ‘Elegans’ enviouno en 1854 dende Xapón Th. Lobb aos viveiros de John Gould Veitch no Reino Unido.

Nomes populares, en galego: criptomeria, alcipreste do Xapón; en castelán: criptomeria, ciprés de Xapón, cedro japonés.

Especie con interese tanto forestal como ornamental. A súa madeira é de excelente calidade; os xaponeses chámana “sugi” e úsana sobre todo para tallar as estatuas dos templos sintoístas. Como ornamental obtivéronse numerosos cultivares, especialmente de baixo porte; o ‘Elegans’ acada moita menor altura que a especie tipo e é unha forma de follaxe xuvenil

permanente e rara vez produce conos.

Momentos de maior interese ornamental: a especie tipo, todo o ano; o cultivar ‘Elegans’ especialmente en outono-inverno, cando a copa verdosa vólvese de cor laranxa, púrpura ou avermellada.

A segunda das árbores curiosas que xogan ao despiste é un *Quercus robur* L. ‘Fastigiata’. Cultivar dun carballo de sempre pero coa forma “columnar”, que visto de lonxe ten o aspecto dun chopo ou dun alcipreste. A sorpresa xorde cando ten a folla a partir de marzo e te achegas e ves que ten folla de carballo e non é nin alcipreste nin chopo. Medra así por natureza sen necesitar podas nin dirixir as pólas artificialmente.

Para quen o queira ver en directo, está plantado a carón do parque infantil enfronte dunha das pasarelas que van á Illa do Covo, mal chamada Illa das Esculturas. Hai un exemplar espectacular no Pazo de Santa Cruz de Rivadulla que da idea do que pode chegar a ser esa árbore.

E por último quérovos indicar unhas árbores que están na Illa do Covo situadas á dereita da pista que vai dende a escultura “Estela”, unha columna de cinco cubos feitos en granito rosa polo alemán Ulrich Rückriem, ata a pasarela que une co resto da Xunqueira saíndo da Illa do Covo.

Os froitos están de color vermello no mes de xuño, son do tamaño de cereixas non moi grosas e o rabo semella tamén ao das cereixas. A sorpresa xorde cando cortas o froito ou lle metes o dente pois, ademais de amargar, ves que non ten pebida senón carozo coma o das mazás, claro está, de tamaño axeitado ao do froito.

Non é de estrañar xa que as



pequenas árbores son maceiras, un híbrido *Malus x purpurea* (Barbier) Rhd. cultivar 'Lemoinei', híbrido obtido polo cruzamento entre *Malus x atrosanguinea* e *M. domestica* 'Niedzwetzkyana' (este último cultivar para algúns autores é unha especie autónoma), obtido por primeira vez nos viveiros Barbier de Orleans (Francia), arredor do ano 1900.

Pola cidade de Pontevedra hai algúns exemplares na rúa Gaiteiro Ricardo Portela e algún máis nas proximidades do Conservatorio de Música Manuel Quiroga.

Os froitos duran moito tempo na árbore pois aos merlos non hai forma de enganalos e aí estarán varios meses para velos.

Por certo que tamén houbo varios exemplares na Praza de San Xosé aos que se lles enxertou pugas de maceiras autóctonas e prenderon case todas de xeito que na mesma árbore podías ver desas mini e outras mazás normais. Pasou un tempo e aplicáronlle a motoserra supoño que sería por algún problema cos enxertos que non se levaban co patrón, o típico lío "sindical".

